

L7

La Voz de Galicia

Dez asociacións culturais acordan coordinarse e piden un Panteón nacional, público e laico

SANTIAGO/LA VOZ. Dez asociacións culturais de diferentes cidades e localidades de Galicia reuníronse na fin de semana en Santiago para analizar conxuntamente a situación cultural do país, desde a xestión en materia de cultura do Goberno galego ata o traballo na intervención cultural de base que as asociacións representan. A principal conclusión da reunión foi a necesidade dunha maior coordinación das asociacións galegas que lles permita «desenvolver proxectos conxuntos e tamén reaccionar con rapidez e eficacia diante de situacións graves para o noso futuro cultural e nacional».

Neste sentido, as asociacións culturais reunidas manifestaron o seu «total desacordo coa privatización e peche do recinto do Panteón de Galegos Ilustres» así como a súa «perplexidade polo desinterese e falta de reacción por parte da Xunta de Galicia». Para as asociacións culturais «pechar un espazo onde repousan símbolos da cultura nacional como Castelao e Rosalía mostra, cando menos, unha tremenda falta de sensibilidade por parte da Igrexa; asumilo como algo normal, sen o menor intento de solución, amosa a despreocupación e o desprezo do Goberno galego pola nosa identidade e pola nosa cultura». As entidades re-

claman «un Panteón Nacional público e laico» e agardan da Xunta que «desenvolva as xestións necesarias para facerse coa titularidade do recinto».

Homenaxe a Rosalía

As asociacións culturais acordaron adherirse aos actos de conmemoración do 125 aniversario da morte de Rosalía que numerosas entidades de Galicia realizarán o 15 de xullo en Santiago. Neste sentido, critican aos responsables do Goberno porque «desaproveitan unha oportunidade única de dar a coñecer o inmenso legado da fundadora da nosa literatura».

Por último, as asociacións culturais acordaron iniciar un proceso conducente á constitución dunha entidade federativa. As dez asociacións firmantes son: Campo de Estrelas, O Galo e Solfa (Santiago), Alexandre Bóveda (A Coruña), A Pomba do Arco (Foz), Auriense (Ourense), Maio Longo (Pontevedra), Medulio (Ferrol), Meiramar-Axóuxeres (Morrado); e Vagalume (Tabeirós-Terra de Montes).